



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN xaneiro – marzo 2016

11 de xaneiro: entregamos...




Follas do bacallau, de Xabier Paz

Un feixe de mariñeiros galegos está a largar as redes nas augas polares do arquipélago Spilbergen, entre placas de xeo, nunhas latitudes que nin sequera veñen nos mapas. Son bacalloeiros. *Follas do bacallau* abala entre o diario persoal, como unha bitacora ou diario de a bordo, o apuntamento memorialístico e, sobre todo, a crónica do mundo da pesca do bacallau.

Comentario: 25 de xaneiro

25 de xaneiro: entregamos...




La ternura de los lobos, de Stef Penney

Antes de que os rigores do inverno caian sobre Dove River, un poboado fundado por pioneiros escoceses no noreste de Canadá, unha muller acha o cadáver dun trampeiro local ao mesmo tempo que o seu fillo, de dezasete anos, desaparece nunha excursión de pesca. Os feitos atraen ata aquel remoto lugar a un variado grupo de persoas dispostas a esclarecer o crime, ou a beneficiarse del.

Comentario: 15 de febreiro

15 de febreiro: entregamos...



Los detectives salvajes, de Roberto Bolaño

Arturo e Ulises, os detectives salvaxes, saen en procura do rastro de Cesárea Tinajero, a misteriosa escritora desaparecida en México nos anos posteriores á Revolución. Dita pesquisa irase prolongando durante vinte anos, desde 1976 ata 1996, atravesando México, Nicaragua, Estados Unidos, Francia, España, Austria, Israel e África.

Comentario: 29 de febreiro

29 de febreiro: entregamos...




El proyecto esposa, de Graeme Simsion

Don Tillman, profesor universitario, é un home atrapado nunha visión da realidade tan ríxida que nunca tivo unha segunda cita cunha muller. Coñecedor dos estudos que demostran que os homes que viven en parella son máis felices que os solteiros, embárcase no que bautiza O Proxecto Esposa para atopar a parella perfecta. Un relato hilarante e irresistiblemente romántico.

Comentario: 14 de marzo

14 de marzo: entregamos...



La firma de todas las cosas, de Elizabeth Gilbert

Alma Whittaker é filla dun botánico audaz e dunha estrita holandesa de boa familia. Independente e con sede de coñecementos, introdúcese no mundo das plantas e da ciencia. Con todo, o home a quen ama camiña no sentido contrario, cara ao mundo do espiritual e o máxico. As súas contrastadas personalidades únense, pese a todo, nun desexo de coñecer como funciona o mundo.

Comentario: 4 de abril